

**A CONCELLARÍA DE CULTURA  
DO CONCELLO DE ARTEIXO  
LÉMBRALLES QUE:**

- Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a máxima puntualidade.
- Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.
- Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
- As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.
- Para realizar gravacións e tomar fotografías deberán obter permiso previo da organización.
- Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomandan as propias compañías polo que:
  - > En espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos específicamente programados para eles.
  - > En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.
- Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan.
- Os espectáculos estarán suxeitos ao aboamento de entrada ou á recollida de invitación. Non poderá acceder ao recinto ningún sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

**ENTRADAS / INVITACIÓNOS**

**VENDA DE ENTRADAS:**

En horario de 11:30 - 13:30 h e 2 h antes de cada acto na Billeteira do CCC de Arteixo, até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan. O nº máximo máxmo de entradas limitarase a 5 por persoa. O dereito á redución deberá acreditarse documentalmente (ordenanza fiscal nº 34)

**DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNOS:**

1 h antes da función na Billeteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan. O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.



31º ANIVERSARIO  
**MA  
NU  
EL  
G  
MUR**



**+INFO:**  
Centro Cívico Cultural de Arteixo  
Paseo fluvial, s/n, 15142 Arteixo

981 641 803  
cultura@arteixo.org  
www.arteixo.org


**MA  
NU  
EL  
G  
MUR**

Eduardo Casal

**31º**

**Certame de  
narracións breves  
Manuel Murguía**

## > PROGRAMA CULTURAL



VENRES 6 > 20:30  
Auditorio CCC de Arteixo

TEATRO MUSICAL

### Ibuprofeno Teatro *Smoke on the water*

Traxicomedia sórdida con música en directo.

Unha historia de sexo, drogas, rock and roll, enfermedade, violencia, prostitución, vandalismo, morte e, por suposto, de amor.

Ritchie (Blackmore) vive ancorado no Rock and roll dos 70, ten unha tenda de discos e vinilos de colección. Janis (Joplin) xa hai anos que non canta, estuda filosofía na universidade.

A súa unión sobrevive despois de case 25 anos de crise matrimonial permanente, formando un círculo vicioso enfermizo, un sistema de relacións de dependencia imposible de desenlear. Este "status quo" absurdo, en continua combustión, vese ameazado pola aparición de Álex, un gigoló de ideoloxía vandálica e transgresora que se namora perdidamente de Janis, ao tempo que establece unha fonda amizade con Ritchie.

A intervención de Joan Baez, empregada de banca que xestiona a hipoteca de Ritchie, cliente de Álex, propicia un final pateticamente feliz ao enredo amoroso-financeiro entre este grupo de seres humanos fracasados, torpes, perdedores, frustrados, desgastados e maltratados pola vida, que provocan tenrura e compaixón.

Adultos / Con entrada (4 e 3 €). Duración: 85 min. Dirección: Santiago Cortegoso. Elenco: Josito Porto, Belén Constenla, Adrián Ríos, María Costas e Mon Orenco.



VENRES 13 > 20:30  
Auditorio CCC de Arteixo

TEATRO

### Volta e dalle *Falar por falar*

Todo indica que o futuro da lingua galega é incerto. Malia os niveis de protección legal do idioma, e case dous séculos de rexurdimento civil e literario, o descenso de falantes é evidente, con grande incidencia

nas novas xeracións de galegas e galegos. Atravesada por conflitos de longa data e certamente mareada polos avatares da política, a lingua segue viva e reclama o seu lugar natural nas nosas vidas. Moita xente mamouna no berce, outra demorou en romper a falala, e hai quien nunca a falou nin nunca a falará. Por iso "Falar por Falar" proponnos un achegamento á realidade da lingua, desde a propia vivencia dos falantes e os non falantes.

Adultos / Con entrada (3 e 2,25 €). Duración: 65 minutos. Autor e dirección: Carlos Santiago. Elenco: Carlos Santiago e Víctor Mosqueira.

MARTES 17 > 13:30 | Urbanización Sol y Mar de Oseiro  
*Ofrenda floral na honra de Manuel Murguía*

HOME NAXE

Organiza: Asociación de Veciños Manuel Murguía de Oseiro  
Acto de conmemoración do Día das Letras Galegas



MÉRCORES 18 > 11:00  
Auditorio CCC de Arteixo

TEATRO

### Rebordelos *Amantis*

(selfies, sexting e outras formas de amar(se)

AMANTIS conta a historia de M. Un rapaz de barrio obreiro que quere ser influencer, amado, aceptado. Nese camiño topará coas trampas dun universo intanxible no que non todo é o que parece e no que descubrirá que el mesmo non é quen pensaba ser. A peza explora a brecha xeracional entre nativas/os e non nativos/as dixitais, tentando comprender como inflúen as Redes Sociais, o selfie e o sexting na formación da identidade propia e nas relacións interpersoais.

É un espectáculo unipersonal que conxuga música, humor e acidez convocando aos teatros a diferentes xeracións para reflexionar en común sobre os retos, dificultades e pegadas culturais da era dixital.

Adolescentes/ Función escolar. Duración: 60 minutos. Autora e Dirección: Tamara Canosa. Elenco: Roque Ruiz.



VENRES 20 > 20:30  
Auditorio CCC de Arteixo

PREMIOS / LITERATURA

### 31º Certame de *Narraciones Breves* Manuel Murguía Presentación do libro "A garza en chamas". Entrega de Premios e actuación de Belém Tajes

Nesta gala darase a coñecer o nome das persoas gañadoras do 31º Certame de Narraciones Breves "Manuel Murguía" de entre os 55 participantes que optan aos tres premios. Previamente á entrega de galardóns producirase a presentación do libro recompilatorio das tres últimas edicións (28º, 29º e 30º) *A garza en chamas*. O acto será conducido por Alfredo Ferreiro, director literario do certame e estará amenizado polo actuación musical de Belém Tajes, en formato trío estará acompañada polo guitarrista Nicolás Vieites e o violinista Cibrán Seixo. No directo desta nova etapa da artista Belém Tajes poderemos escutar cancións honestas, inspiradas no folclore tradicional das dúas beiras do Atlántico: Galicia e Arxentina. Melodías de corte pop, con aires folk e percusións cálidas con algún xiro electrónico. Belém Tajes profundiza así en sons moi distintos e en letras que falan dun universo introspectivo e delicado dunha #Músicariquiña.

TP / Con invitación. Duración: 75 minutos



VENRES 27 > 20:30  
Auditorio CCC de Arteixo

MÚSICA / CONCERTO

### Silvia Penide *Xira: A Porta Aberta* V edición Elas Son Artistas 2022. Ciclo Metropolitano pola Igualdade na Música e nas Artes

Silvia Penide regresa a súa terra natal acompañada da súa banda ao completo: o guitarrista e compositor Paul Álvarez, a pianista Carla López e o batería Bruno Couceiro.

A xira de presentación do seu último traballo discográfico, 8º xa da súa carreira, será un repaso a súa carreira. Dende El Efecto Boomerang, a canción que acaba de editar xunto a Víctor Manuel, ata éxito como Reventaba e o seu último single xunto a Andrés Suárez a canción "Una pared tembló" dedicada ás Salas de Concertos editada en febreiro de 2022.

Gañadora de 2 Premios galegos Martín Codax.

TP / Con invitación. Duración: 75 minutos

SÁBADO 28 > 20:30 | Auditorio CCC de Arteixo  
*Proxección do Ciclo Mestre Mateo*

Adultos / Con invitación

## > EXPOSICIONES

> 2-21 DE MAIO



### "As cores da vida" Javier Paulos Areosa

Exposición de pintura. Javier Paulos leva varios anos marcando trazos de distintas cores nos seus lentes. Descubriu esta paixón a raíz dun gran cambio na súa vida. A súa enfermidade: a Esclerose múltiple. Comprende que todo o seu mundo acababa de cambiar e encontrou nos seus lentes un refuxio e unha forma de expresar emocións, sensacións e de plasmar algo tan fermoso como son as distintas cores da vida. Esta é a súa primeira exposición na que quere agasallarvos ca súa forma tan persoal de ver a arte.

> 4-17 DE MAIO

### "A casa de Galicia nos 50 anos da súa apertura (1971-1972). Historia da Casa de Rosalía"

da Deputación da Coruña.

Normalización Lingüística da Deputación da Coruña ven de poner en marcha en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro a itinerancia por sete concellos da provincia a exposición que conmemora o cincuentenario da Casa-Museo da Matanza. A historia da Casa de Rosalía de Castro é a do traballo constante por abrir unha fiestra de liberdade na negra sombra de pedra franquista, unha causa de todo o pobo galego.



### Historia da Casa de Rosalía A Casa de Galicia

Exposicións abertas, ilimitadas.

Cronograma ante a apertura da Casa 1971-2021